



**"A poesía aniña no máis fondo do que somos, mulleres e homes que conviven no mundo de hoxe, abeberándose no legado das xeracións pasadas e custodiando este mundo para os nosos fillos e netos. Ao celebrar hoxe a poesía, celebramos a nosa capacidade de loitar unidos pola diversidade biolóxica como "preocupación común da humanidade" e como parte integral do proceso de desenrolo internacional."**

Mensaxe da Sra. Audrey Azoulay, Directora Xeral da UNESCO, con motivo do Día Mundial da Poesía 2020.

## *CAL É A ORIXE DO DÍA MUNDIAL DA POESÍA?*

O Día Mundial da Poesía, celebrado cada ano o 21 de marzo, conmemora unha das formas máis prezadas da expresión e identidade e lingüística da humanidade. A poesía, practicada ao longo da historia en todas as culturas e en todos os continentes, fala da nosa humanidade común e dos nosos valores compartidos, transformando o poema máis simple nun poderoso catalizador do diálogo e a paz.

A UNESCO adoptou por primeira vez o 21 de marzo como Día Mundial da Poesía durante a súa 30ª Conferencia Xeral en París en 1999, co obxectivo de apoiar a diversidade lingüística a través da expresión poética e fomentar a visibilidade daquelas linguas que se atopan en perigo.

O Día Mundial da Poesía é unha ocasión para honrar aos poetas, revivir tradicións orais de recitais de poesía, promover a lectura, a escritura e o ensino da poesía, fomentar a converxencia entre a poesía e outras artes como o teatro, a danza, a música e a pintura, e aumentar a visibilidade de poesía nos medios.

A medida que a poesía continúa unindo persoas en todos os continentes, todos están convidados a unirse.

O Próximo luns 21 de marzo celébrase o día mundial da poesía e toda a comunidade educativa do IES O Mosteirón celebrarémolo coas seguintes actividades:

- O profesorado lerá un dos seus poemas favoritos ao principio de cada unha das súas clases e poderá explicar o motivo polo cal escolleu ese poema.
- Na hora de titoría de tódolos cursos o voluntariado da biblioteca A Esperela levará unha “Chuvia de poemas” para recitar en cada unha das aulas a modo de celebración conxunta.

Aquí tedes un enlace a un vídeo do Instituto Cervantes realizado pola celebración dos seus 25 anos en 2016 titulado “25 AÑOS, 25 POEMAS”:

<https://youtu.be/e3URdm6mlRs>

**FELIZ DÍA DA POESÍA E COMEZO DA PRIMAVERA!**